

Montesquieu na obra “*O espírito das leis*” (1748) defende a división dos tres poderes políticos.

“En cada Estado hai tres clases de poderes: Polo primeiro, o príncipe ou o maxistrado fai as leis para certo tempo ou para sempre, e corrixe ou derroga as que están feitas. Polo segundo, fai a paz ou a guerra, envía ou recibe embaixadores, establece a seguridade e prevén as invasións; e polo terceiro, castiga os crimes ou decide as contendas dos particulares (...).

Cando os poderes lexislativo e executivo se atopan reunidos nunha mesma persoa ou corporación, entón NON HAI LIBERDADE, porque é de temer que o monarca ou o senado fagan leis tiránicas para executalas do mesmo xeito.